La Voz de Galicia MARTES 30 OUTUBRO 2018 • ANO VI - Nº 170 • Correo - liderlugo@lavoz.es

# 1.Líder BASKET




# PUNTO DE PARTIDA

**O Estudiantes infantil feminino** corrixiu os erros da xornada inaugural co traballo semanal e marcou o camiño a seguir cun partido moi completo ante Pío XII no Anexo. Tralo parón da próxima fin de semana as de Julia Pena viaxan a Vilagarcía

**SEN INFORMACIÓN**

Sen explicación algunha por parte do Club, o Cidade de Lugo instou aos seus adestradores a non facilitarnos a información dos partidos. É por iso que a maioria das súas fichas aparecen en branco

**REPORTAXE**

## Convenio Burela FS e Deputación

**para promover o deporte feminino en Lugo entre o ente Provincial e o club mariñao de fútbol sala**

**LIGA GALEGA CADETE MASC.**

## Estudiantes voou ante Narón



ESTUDIANTES 104 - 39 NARÓN

**LIGA GALEGA MINIBASKET**

## Derbi de futuro entre Maristas e Ribadeo



**Vitoria capitalina nun partido no que os dous equipos deixaron claro que o baloncesto base lucense ten futuro e goza de boa saúde**

# Estudiantes demostrou que tamén sabe sufrir para gañar

**TRALO RECITAL INICIAL, 16-35 NO PRIMEIRO CUARTO,** a lesión de Luis sacou un pouco do partidos aos celestes, pero souberon administrar a renda ante un Tui que vendeu cara a derrota

| TUI 82 Xogador | PTS. | ESTUDIANTES 93 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Souto | | Luis | 9 |
| Varela | | Cabezudo | 10 |
| Campón | | Titas | 25 |
| Pealba | | Mark | 34 |
| Diéguez | | Iago | 10 |
| Diéz | | Diego | 5 |
| Giraldez | | Olloqui | |
| Agrado | | Alberto | |
| Martínez | | Jorge | |
| Iglesias | | | |
| Soto | | | |
| Jaersgaad | | | |

**+19**

**PRIMEIRO CUARTO** no que Estudiantes varreu da pista a Tui cun gran Luis,. Tras lesionarse, ainda que puido continuar o equipo acusou que non estivese a cento por centro

**34**

**PUNTOS DE MARK** imparable nas transicións e sobre todo na pintura cun goteo de puntos constante co que Estudiantes mantivo una renda de seguridade en todo momento ao longo do encontro

**293**

**PUNTOS EN TRES PARTIDOS** Estudiantes segue rozando os 100 por encontro, sendo de largo o equipo máis anotador da competición seguido por Peleteiro con 265



Mark, autor de 34 puntos en Tui, entrando con decisión a canastra nun encontro disputado no Anexo

> **"Este partido se ganó en los entrenamientos porque todos los jugadores aportaron para poder conseguirla"** MARCOS LÓPEZ Estudiantes Lugo

Estudiantes conseguiu unha vitoria de moito mérito e das que reforzan o traballo colectivo tras impoñerse en Tui no encontro máis igualado ata a data na Liga Galega júnior masculina para os de Marcos López.

Por tradición xogar en Tui sempre é complicado. Polas condicións da pista e pola dureza do conxunto local, guiado por un xogador de referencia na pintura. Con todo, a posta en escena de Estudiantes fixo pensar por momentos que o encontro sería cómodo, moi cómodo tralo 16-35 inicial nun primeiro cuarto no que o conxunto celeste defendeu, correu e anotou con moita fluidez.

Pese a iso, ao comezo do segundo parcial Luís, que ata o momento estaba sendo o xogador máis entonado de Estudiantes, sufriu un golpe no nariz que o enviou ao banquiño. Puido volver, pero sen estar ao cento por cento. Estudiantes foise un pouco do partido á vez que Tui empezou a meter todo o que tiraba, entre eses lanzamentos catro triplos consecutivos que lles deron un plus de moral.

Ao descanso chegouse con 36-55, pero coa sensación de que os vinte minutos que quedaban por diante serían duros.

As previsións cumpríronse. Estudiantes tivo sempre rendas no marcador que non facían perigar o partido, pero a carga de faltas e o listón de intensidade tan alto que puxo Tui fixo que non se puidesen relaxar nin dar por ganado o encontro.

Tui seguiu anotando con asombrosa facilidade desde a liña exterior, pero Mark e Titas contestaban rápidamente para deixar o marcador final en máis 11, unha das diferenzas máis curtas que se deron durante os corenta minutos de partido.

**Próxima xornada**

Estudiantes volverá á competición o vindeiro xoves nun partido que os de Marcos López adiantan ao festivo. Sigaltec chega ao Anexo tras perder os tres encontros disputados ata a data, mentres que os lucenses contan por vitorias os seus.

Esta cuarta xornada depara un duelo por encima do resto, o que citará en Santiago a Peleteiro e Porriño, que con Estudiantes son os outros dous equipos que suman tres vitorias nas tres primeiras xornadas da Liga Galega júnior masculina.

PLANET MINI

ESCOLA DE FORMACIÓN +inf Tlf. 619.662.709 • correo planetmini@gmail.com • Twitter @PlanetminiL

# Coa fiabilidade por bandeira

**ESTUDIANTES SUMOU A SEGUNDA VITORIA** no seu segundo encontro na Liga Galega júnior feminina tras impoñerse en Pontevedra a Arxil cun recital defensivo

"La niñas están trabajando a un muy buen nivel y estoy contento con el trabajo y esfuerzo diario de todas ellas" FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

| ARXIL 24 | Pts. | ESTUDIANTES 68 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Carrabelos | | Ana | |
| Durán | | Zeltia | |
| Vázquez | | Eva | |
| Gómez | | María | |
| Fernández | | Adriana | |
| Faye | | Alba | |
| Tosar | | Sabela | |
| Seoane | | Yashina | |
| Villar | | Candela | |
| Iglesias | | Alexia | |
| Sánchez | | | |
| Riveiro | | | |

**12**

**PUNTOS ENCAIXADOS** na última media hora de partido: dous no segundo parcial, sete no terceiro e tres nos últimos dez minutos que amosan o bo nivel defensivo que tivo Estudiantes en Pontevedra


Fernán Varela e Ricardo Úriz aplauden a Estudiantes no último derbi no Anexo

**2**

**VITORIAS** nos dous encontros disputados. Estudiantes ten pendente o partido da segunda xornada ante o Celta de Vigo que se xogará o próximo 15 de novembro no Anexo a partir das 20.00 horas.

Estudiantes mantén o pleno de vitorias nas dúas xornadas disputadas na Liga Galega júnior feminina. As de Fernán Varela impuxéronse na xornada inaugural ao Ensino no derbi tras remar contra corrente, mentres que en Pontevedra fixérono coa solvencia por bandeira dando un recital defensivo co que se lle fixo de noite a Arxil.

O único pero que se lle pode poñer a Estudiantes volveu ser a posta en escena, xa que como sucedeu no derbi, as celestes tardaron demasiado en meterse no encontro. Pero tan só foron os primeiros dez minutos nos que a falta de tensión e as baixas porcentaxes no tiro propiciaron que o primeiro cuarto se pechase con 12-11 no marcador.

A partir de aí, sen estar do todo acertadas no tiro, a defensa eclipsou calquera outra faceta do xogo ao encaixar tan só dous puntos no segundo parcial e 12 en total na media hora final do encontro.

O 2-17 do segundo cuarto deixou o marcador ao descanso en 14-28. Con todo de cara Estudiantes aproveitou a segunda parte para traballar aspectos do xogo de cara aos próximos encontros en situación real de partido e as probas saíron á perfección visto o resultado.

Estudiantes tan só encaixou dez puntos na segunda parte, mentres que en ataque anotou 40 para levar a diferenza final ata o 24-68 co que finalizou o encontro.

Este xoves Estudiantes recibe no Anexo a Cortegada a partir das 17:00 horas nun partido adiantado ao fin de semana correspondente á cuarta xornada de Liga. Despois visitarán a pista de Porriño na quinta xornada e entre semana xogarán o encontro aprazado ante Celta de Vigo no Anexo, que será o día 15 de novembro a partir das 20:00 horas.

# O Ensino caeu vítima dos seus propios erros en Vigo

**O TERCEIRO CUARTO FOI UN LASTRE** pese a dispoñer dun último tiro para empatar


O adestrador Miguel López dando indicacións a Natalia nun partido desta tempada

| CÍA. DE MARÍA 56 | Pts. | ENSINO 53 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Santas | | Marina | 6 |
| Buceta | | Maite | 6 |
| Vicente | | Nuria | 11 |
| Morodo | | Leboreiro | 11 |
| Sobrino | | Natalia G. | 6 |
| Goico | | Uxía | |
| García | | Tania | 2 |
| Rey | | Carmen | 2 |
| Yáñez | | Natalia | 9 |
| Hernández | | | |
| Philippot | | | |
| Domínguez | | | |

"Los errores de concentración en esta categoría, a este nivel, se pagan con derrotas y eso nos ha pasado en este partido" MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

O Durán Maquinaria Ensino caeu en Vigo tras un encontro irregular. O conxunto que dirixe Miguel López tivo picos de bo baloncesto como na posta en escena na que asinou un parcial inicial de 0-11.

Con todo cando máis de cara estaba o partido para o Ensino, as lucenses desconectáronse no tramo final do primeiro cuarto e Compañía de María tomou as rendas no marcador con 18-17.

As dúbidas instaláronse nun Ensino que non foi recoñecible no segundo cuarto, fallando lanzamentos cómodos e sen intensidade en defensa, sufrindo continuamente á mellor xogadora local que trouxo de cabeza ás lucenses durante os corenta minutos.

A mellor noticia ao descanso era o axustado que se vía o marcador, 33-29. Pero tralo parón do intermedio non chegou a esperada reacción lucense. O Ensino xogou o seu peor baloncesto no que vai de tempada no terceiro cuarto, no que tan só anotou seis puntos. Compañía de María creuno e puxo rumbo fixo cara á vitoria.

Sen marxe de erro, o Ensino apelou á heroica e estivo a piques de conseguila. Un 0-8 de parcial para empezar o último cuarto meteunas no partido e tiveron a última posesión para empatar. A pizarra de Miguel López funcionou e conseguiuse un tiro liberado, pero o balón non quixo entrar e Ensino caeu por tres puntos en Vigo.

# Estudiantes gústase

## DE MENOS A MÁIS ATA COLLER UN RITMO IMPARABLE con anotación de todos os xogadores



Pedro, que se foi ata os 20 puntos neste encontro



Antón lanza a canastra entre dous xogadores rivais

**104 ESTUDIANTES – 39 NARÓN**

| Xogador | P. | Xogador |
|---|---|---|
| Eloy | 4 | Santiago |
| Jorge | 4 | Carro |
| Anxo | 4 | Freire |
| Sergio | 6 | Fernández |
| Olloqui | 16 | Rodríguez |
| Dani | 12 | Grandal |
| Iker | 10 | Ferreira |
| Pedro | 20 | Couce |
| Durán | 3 | García |
| Jaime | 2 | De la Fuente J. |
| Álvaro | 18 | De la Fuente P. |
| Antón | 5 | |

A resistencia de Narón no Anexo durou o primeiro cuarto, no que se viu un partido igualado e marcado polas defensas. Os visitantes conseguiron que Estudiantes non estivese cómodo sobre a pista nos primeiros dez minutos, pero o bo ton que tamén exhibiron os de Javi Peinó atrás propiciou que o primeiro parcial se pechara con 21-12 no marcador.

A partir de aí Estudiantes foi subindo o nivel de esixencia, metendo unha marcha máis ao partido co que empezaron a atopar cada vez máis espazos na defensa visitante para

> "Buen partido en líneas generales, debemos seguir mejorando en el trabajo diario"
>
> JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

ir ampliando a diferenza no marcador co paso dos minutos ata chegar ao descanso con 40-21 no electrónico.

Lonxe de relaxarse no intermedio, Estudiantes encarou a segunda parte coa mellor predisposición posible, impoñendo un listón de esixencia moi alto en defensa, con velocidade e acerto en ataque. Todo iso viuse reflectido no marcador cun terceiro parcial de 34-6.

Todos os xogadores dispoñibles neste encontro aportaron o seu grao de area para chegar ao 104-39 final que reflicte a superioridade lucense nun partido no que Estudiantes deu o seu primeiro gran aviso do que é capaz de facer este curso.



Dani no inicio de unha xogada de ataque estudiantil



O celeste Jorge mira ao aro de espaldas a un contrario

## O partidazo no Anexo quedou eclipsado pola lesión de Carlota

**69 ESTUDIANTES – 70 BBCA**

| Xogador | P. | Xogador | P. |
|---|---|---|---|
| Carlota | 6 | Arteaga | |
| Candela | 4 | Pousa | |
| Yashina | 9 | Morales | |
| Enma | 11 | Rivas | |
| Marta R. | 4 | López | |
| Cristina | 3 | Pérez | |
| Carla | 6 | Vázquez | |
| Alejandra | | Porto | |
| Claudia | 23 | Soto | |
| Laura F. | | | |
| Marta F. | 3 | | |

Estudiantes e BBCA disputaron un encontro de altos voos no Anexo no que a moeda caeu ao lado visitante nesta ocasión. O espectáculo que ofreceron os dous equipos cun desgaste de intensidade impresionante quedou ata nun segundo plano coa lesión de Carlota ao comezo da segunda parte. A xogadora celeste, que reaparecía tras superar unha lesión de xeonllo, retirouse coa mesma dolencia, polo que desde esta redacción sumámonos a todas as mostras de agarimo que lle enviou o club e as súas compañeiras.

O partido transcorreu coa igualdade por bandeira, cun Estudiantes que foi de menos a máis, xa que nos primeiros minutos concedeu canastras fáciles ao non axustar do todo ben a presión en campo rival, polo que o primeiro cuarto pechouse con 17-20.

No segundo Estudiantes atopou máis opcións de correr e anotar con máis fluidez para chegar ao descanso cunha lixeira vantaxe, 37-33.

A boa dinámica continuou ao comezo da segunda parte, pero a lesión de Carlota arrefriou un pouco o ambiente. Pese a iso, Estudiantes chegou ao último parcial con tres puntos de vantaxe. Nos últimos dez minutos o conxunto celeste chegou a ter unha renda de 9 puntos no ecuador do último cuarto, e a falta de dez segundos gañaba por un punto. BBCA anotou e as celestes tiveron unha última opción de vitoria, pero nesta ocasión a fortuna sorriu ás visitantes.



Claudia, máxima anotadora celeste neste encontro



Yashina Lebron cara a pintura na pista do Anexo

> "Al final no conseguimos la victoria, pero estoy muy contento con el trabajo y la implicación de las niñas. Poco a poco llegarán los resultados "
>
> SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

## Gran inicio cunha gran rúbrica final do Ensino

**54 MARISTAS – 71 ENSINO**

| Xogador | P. | Xogador | P. |
|---|---|---|---|
| Sanmartín | | Maite | 8 |
| Couto | | Sabela | |
| Deus | | Nerea | 4 |
| López | | Silvia | |
| Galán | | Núria | 22 |
| Abad | | Lara | |
| Leis | | Natalia | 27 |
| Riaño | | Any | |
| Ruiz | | Lucía | 5 |
| Patiño | | Mencía | 5 |
| Vázquez | | | |
| Andrade | | | |

O Cafés Candelas Esnino impúxose na Coruña nun partido moi completo por parte do conxunto que dirixe Adrián González, que ademais encheu o depósito de confianza para encarar os próximos compromisos.

Ensino tivo unha brillante posta en escena, especialmente en defensa cunha gran intensidade e un bo xogo colectivo en ataque que non tardou en verse reflectido no marcador co 7-20 co que finalizou o primeiro parcial.

A esperada reacción local chegou no segundo cuarto no que as herculinas, cun gran acerto no tiro, intentaron exprimir as súas

> "Gran primer cuarto y después trabajo y más trabajo"
>
> ADRIÁN GLEZ. Cafés Candelas Ensino

opcións de meterse no partido, asinando un parcial de 20-14 que deixaba o marcador en 27-34 ao descanso.

O Ensino tivo que poñerse o mono de traballo, sobre todo cando Maristas se colocou a só catro puntos no marcador. Foi entón cando as lucenses sacaron a súa mellor versión para dar un paso á fronte, aguantar as embestidas locais e saír airosas co 17-21 do terceiro parcial que deixaba a diferenza en 11 puntos de cara aos últimos dez minutos.

No último cuarto Estudiantes non quixo sorpresas, tomou as rendas do partido e cun bo baloncesto atopou as súas mellores sensacións para poñer fin á resistencia herculina con autoridade ata levar o marcador ao 54-71 final.

# Defensa e rebote son sinónimo de vitoria

## ESTUDIANTES DEU UN PASO Á FRONTE tralo discreto debut na Liga Galega infantil e dominou de principio a fin a Pío XII


Nerea baixo o aro a piques de lanzar a canastra


Laura Mesa nunha xogada rápida de contraataque

| ESTUDIANTES 61 | | PÍO XII 35 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Candela | | Pérez | |
| María | | De Paz | |
| Iría | | Rodríguez | |
| Nerea | | Hermo | |
| Naiara | | Riveiro | |
| Lucía | | Lago | |
| Laura | | Pérez | |
| Carolina | | Trías | |
| Sara | | Lasuso | |
| Marta | | Fernández | |
| Celia | | López | |
| | | Lado | |

> **"Este es el camino a seguir"**
> JULIA PENA Estudiantes Lugo

Estudiantes fixo borrón e conta nova trala xornada inaugural na que o conxunto de Julia Pena estivo por debaixo do seu nivel.

As celestes prepararon o partido da mellor forma posible e esperaban o inicio para cambiar as sensacións e marcar a nova folla de ruta a seguir.

O exceso de ganas propiciou que, pese a xogar ben, as porcentaxes de acerto no tiro fosen baixos, especialmente en accións claras de anotación baixo o aro.

O primeiro cuarto finalizou cun axustado 16-13, pero as sensacións eran mellores do que indicaba o marcador.

Aos poucos Estudiantes foise entonando e gañando en confianza. Minimizou as perdas de balón, defendeu con intensidade, pechou o rebote e subiu as porcentaxes de acerto, deixando a Pío XII en tan só seis puntos no segundo cuarto, no que anotaron 17 para irse ao descanso con 33-19 no electrónico.

A boa dinámica mantívose ao longo da segunda parte na que, malia ter algunha lagoa no rebote defensivo e co balance, a intensidade e esforzo das celestes foi ampliando a diferenza no marcador co paso dos minutos, 12-8 terceiro parcial e 16-8 no cuarto para pechar o resultado co 61-35 final.

A Liga Galega infantil ten parón a próxima fin de semana polo que Estudiantes volverá á competición ante Junquera o 10 de novembro en Pontevedra.


O celeste Brais nun lance do encontro no Anexo

# Cruel desenlace

## ESTUDIANTES mandou no marcador 39 dos 40 minutos de xogo no Anexo ante Culleredo

| ESTUDIANTES 75 | | CULEREDO 76 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Miguel | | Golpe | |
| Manu R. | | Quiles | |
| Ales | | Ferrerr | |
| Óscar | | González | |
| Manu M. | | Domínguez | |
| Joel | | Moretti | |
| Gabi | | Pereyra | |
| Cristian | | Gayoso | |
| Fabio | | Val | |
| Brais | | Rila | |
| | | Martínez | |
| | | Abreu | |

> **"Ganar de uno O perder de uno no va a cambia en nada nuestro trabajo diario"**
> ANGEL RIOBOÓ Estudiantes

Cruel desenlace final para Estudiantes nun partido que dominaron no marcador durante 39 dos 40 minutos de xogo.

Os celestes marcaron as directrices a seguir desde o inicio, dominando o rebote defensivo para poder correr e o ofensivo para dispoñer de segundas opcións nun primeiro cuarto con intercambio de canastras que finalizou con 23-20.

A defensa estudiantil empezou a frouxear un pouco no segundo parcial, concedendo canastras fáciles e segundas opcións coas que Culleredo deulle a volta ao marcador no ecuador do segundo cuarto.

Ángel Riobóo solicitou un tempo morto e Estudiantes entendeu a mensaxe, xa que ao descanso recuperou o mando con oito puntos de vantaxe no marcador, 43-35.

Os celestes volveron dominar o rebote e despegou no marcador cun momentáneo 54-43, pero concedeu oito puntos fáciles e ao último parcial chegouse cun axustado 59-56.

O inicio do último cuarto foi espectacular por parte lucense, chegando a ter unha renda de 10 puntos de vantaxe a seis minutos para o final. Cando todo estaba de cara, as perdas de balón xeraron dúbidas e levaron o partido a un cara ou cruz nos últimos instantes que caeu cruz para Estudiantes.


Cristian a piques de facer un lanzamento a canastra


Manu Ruano baixo o aro ante a mirada de Óscar

# O Academia A Mariña aproba o seu primeiro exame en Galega

| CB BURELA 71 | | B. CORUÑA 68 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Carlos | 7 | Gil | |
| Diego | 4 | Díaz | |
| Antón | 21 | Casais | |
| Marcos | 19 | Catoira | |
| Joaquín | 14 | Lozano | |
| Luis | | Lovera | |
| Álvaro F. | | Gonta | |
| Álvaro B. | 6 | Vázquez | |
| Daniel | | Pérez | |
| Raúl | | Devesa | |


A plantilla do CB Burela de Liga Galega infantil 2018/2019 | **Manolo Cobas**

O Burela estreou a conta de vitorias na Liga Galega infantil. Os de Manolo Cobas fixérono ante Basquet Coruña nun partido de poder a poder no que aprobaron con nota o exame nas situacións máis complicadas do encontro.

A posta en escena foi discreta por parte dos mariñaos, brandos en defensa e sen ser agresivos en ataque, algo que aproveitaron os herculinos para tomar unha vantaxe de 14 puntos mediado o segundo cuarto. Burela reaccionou cando peor pintaban as cousas e chegou ao descanso tan só catro puntos abaixo, 37-41.

Manolo Cobas mentalizou ao seu equipo no intermedio de que defendendo duro e con decisión en ataque podíase gañar o encontro. Burela pechou o rebote, tivo unha boa circulación de balón e deulle a volta ao marcador ata mandar por 8 puntos. Coruña vendeu cara a derrota e volveuse achegar, pero Burela xa non deixou pasar a oportunidade de estrear a conta de vitorias.

> **"Saltamos a la pista con un poco de miedo, pero supimos sobreponernos a ello"**
> MANOLO Cobas Burela



O celeste Brais levando unha acción de contraataque

# Estudiantes fixo fácil o complicado

**TRABALLO EN EQUIPO** cunha gran defensa e verticalidade en ataque para borrar da pista a Basquet Coruña no Anexo

| 86 ESTUDIANTES | Pts. | 43 B. CORUÑA | Pts. |
|---|---|---|---|
| Brais | | Medrano | |
| Leo | | Regueiro | |
| Pablo Pi | | Ferreiros | |
| Mateo | | Pérez | |
| Antón | | Brandariz | |
| Diego R. | | Soto | |
| Diego S. | | Fdez | |
| Santi | | Dguez | |
| Dani | | Vázquez | |
| Bernal | | Martin | |
| Mário | | Cortes | |
| | | Nogueiras | |

**34**

**PUNTOS NO 2º CUARTO**
Estudiantes rompeu por completo o encontro nos segundos dez minutos de partido, nos que asinou un parcial demoledor no Anexo de 34-16

> "Dominamos de inicio a fin un partido que, a priori, debería haber sido mucho más disputado"
>
> ÁNGEL RIOBOÓ Estudiantes Lugo

Estudiantes asinou un partido case perfecto ante Basquet Coruña na Liga Galega preinfantil. Un duelo que se presumia en principio moi igualado, os lucenses o desnivelaron con autoridade sen conceder ningunha opción aos herculinos no Anexo.

Coruña viuse incapaz de atopar respostas ao xogo de Estudiantes ao longo dos corenta minutos, nos que tomou o mando no primeiro parcial cun 15-8, pero sobre todo no segundo cando puxeron terra polo medio cun 34-16 que deixaba o marcador nun claro e contundente 49-22 ao descanso.

A intensidade defensiva propiciou continuos roubos de balón, e a boa toma de decisións e acerto nas transicións facían o resto para que as distancias fosen ampliándose co paso dos minutos.

Estudiantes demostrou que se pode facer o máis difícil, xa que con traballo ao longo da semana corrixiron os erros que cometeron a pasada xornada e puxérono en práctica sobre a pista no seguinte encontro no que a Coruña tocoulle pagar os pratos rotos.



Diego Serguei coa pelota de espaldas a un rival



Pablo Pi recibe o balón nunha xogada de ataque



Diego Rozas a piques de realizar un pase

# Debut e primeira vitoria por KO

**ESTUDIANTES** demostrou as gañas que tiña de empezar a tempada

| 73 ESTUDIANTES | P. | 22 B. CORUÑA | P. |
|---|---|---|---|
| Laura | | Cubes | |
| María | | Neira | |
| Ana | | Baixeiras | |
| Sara | | Lema | |
| María | | Valencia | |
| Paula A. | | Allende | |
| Aroa | | Rodríguez | |
| Daniela P. | | Sánchez | |
| Paula L. | | Barrio | |
| Alma | | Méndez | |
| Sara | | Riestra | |
| Daniela G. | | | |

O ansiado debut de Estudiantes chegou ao seu fin. O conxunto de Gemma disputou o seu primeiro encontro oficial da tempada deixando moi boas sensacións malia empezar un pouco atenazadas polos nervios do primeiro encontro e de contar con sensibles ausencias por lesión.

Pese a non ter boas porcentaxes de acerto nos primeiros minutos os ataques eran bos, e mellor aínda foi a intensidade defensiva que propiciou roubos e canastras fáciles á contra para poñer terra polo medio no marcador moi pronto co 32-7 co que finalizaron os primeiros dez minutos.

No segundo cuarto mantivose o guión con acerto en ataque e fiabilidad atrás, 24-6 para chegar ao descanso cun claro e contundente 56-13.

Xa na segunda parte o ritmo foi máis lento. O cansazo empezou a pasar factura dada a altura de tempada na que estamos e Estudiantes tampouco quixo excederse ante un rival sen capacidade de reacción.

O terceiro cuarto finalizou con 15-9 e ao comezo do último, coa primeira canastra estudiantil, o marcador pechouse en 73-22.

O xoves Estudiantes disputa o seu segundo encontro, que será na Coruña ante Maristas. Un partido correspondente ao aprazado da primeira xornada.



Aroa a piques de superar a unha xogadora herculina



A celeste Daniela González facendo unha bandexa

> "Había muchas ganas de iniciar la competición y lo hemos demostrado. Ha sido un buen partido del que han podido ser partícipes todas las jugadoras pero esperamos recuperar a todas las lesionadas"
>
> GEMMA Estudiantes Lugo

# Demasiados altibaixos no xogo de Maristas

| 81 MONTROVE | P. | 56 MARISTAS | P. |
|---|---|---|---|
| Barbeito | | Mauro | 2 |
| Fernández | | Néstor | 8 |
| Vilariño | | David | 3 |
| González | | Samuel V. | 19 |
| Gómez | | Gabriel R. | 10 |
| Boo | | Alexis | 10 |
| Calvo | | Jorge | 4 |
| Baleato | | Gabriel F. | |
| Giz | | | |

> "Dos cuartos de desconexión nos impidieron competir el partido en el tramo final"
>
> RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

Maristas deixou, por momentos, boas sensacións na pista dun dos aspirantes a alzarse co título neste grupo. Os de Rubén Engroba acusaron picos de irregularidade que ante equipos e en pistas como estasç son un lastre demasiado grande para poder chegar con opcións de vitoria á recta final do encontro.

As boas sensacións foron a tónica dos primeiros minutos nos que as forzas estiveron igualadas. Maristas estivo correcto atrás e en ataque, aínda que algunha precipitación nas transicións propiciou que Montrove tomase unha lixeira vantaxe, 12-9 no primeiro parcial.

No segundo as perdas de balón foron un lastre demasiado grande para Maristas, xa que Montrove atopou vías para anotar sen apenas oposición en rápidas transicións, levando o marcador ata 39-25 co que se chegou ao descanso.

Montrove viu debilidade en Maristas e foi facer sangue. Presionou arriba a saída de balón e os lucenses víronse superados cun terceiro parcial en contra de 28-8 que deixaba o encontro sentenciado. Sen a presión do marcador, Maristas deu un paso á fronte nos últimos dez minutos nos que superou a todo un Montrove na súa pista con claridade para maquillar o resultado final cun parcial de 14-23 que deixou a diferenza en 25 puntos.

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

## JÚNIOR 1ª DIV. MASCULINA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bosco – Blanco Amor | 78-52 |
| Seis Nadal – Rosalía | 73-65 |
| Tui – Estudiantes | 82-93 |
| Sigaltec – Obradoiro | 55-89 |
| PBB A – B. Ferrol | 73-63 |
| B. Coruña – C. Ourense | 50-74 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **3** | **3** | **0** | **0** | **293** | **196** |
| OBRADOIRO | 3 | 3 | 0 | 0 | 265 | 169 |
| PBB A | 3 | 3 | 0 | 0 | 193 | 176 |
| CLUB OURENSE | 3 | 2 | 1 | 0 | 196 | 154 |
| BASKET FERROL | 3 | 2 | 1 | 0 | 218 | 200 |
| ROSALÍA | 3 | 2 | 1 | 0 | 227 | 217 |
| BOSCO | 3 | 2 | 1 | 0 | 224 | 173 |
| SEIS DO NADAL | 3 | 1 | 2 | 0 | 197 | 252 |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 0 | 3 | 0 | 165 | 218 |
| SIGALTEC | 3 | 0 | 3 | 0 | 166 | 229 |
| TUI SETA | 3 | 0 | 3 | 0 | 198 | 270 |
| BLANCO AMOR | 3 | 0 | 3 | 0 | 182 | 270 |

### PRÓXIMA XORNADA

C. Ourense - Bosco; Estudiantes - Sigaltec; B. Ferrol - B. Coruña; Rosalía - Tui; Obradoiro - PBB A; Blanco Amor - Seis Nadal

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Peleteiro – B. Ferrol | 67-16 |
| Burela – B. Coruña | 71-68 |
| Maristas – Rosalía | 47-97 |
| Estudiantes – Culleredo | 75-76 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 2 | 2 | 0 | 0 | 162 | 98 |
| KFC CULLE | 2 | 2 | 0 | 0 | 143 | 92 |
| **ESTUDIANTES** | **2** | **1** | **1** | **0** | **148** | **112** |
| BASQUET CORUÑA I | 2 | 1 | 1 | 0 | 134 | 129 |
| **ACADEMIA BURELA** | **2** | **1** | **1** | **0** | **122** | **133** |
| PELETEIRO | 2 | 1 | 1 | 0 | 125 | 82 |
| BASKET FERROL | 2 | 0 | 2 | 0 | 52 | 140 |
| MARISTAS | 2 | 0 | 2 | 0 | 64 | 164 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - Culleredo; B. Coruña - Maristas; Rosalía - Estudiantes; Peleteiro - Burela

## MINI 1ª DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas Lugo – R. Ribadeo | 52-49 |
| MGR Sarria – B. Ferrol | 39-90 |
| Narón – Estudiantes | 75-63 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 3 | 3 | 0 | 0 | 220 | 92 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **199** | **166** |
| BALONCESTO NARÓN | 2 | 2 | 0 | 0 | 161 | 109 |
| **MARISTAS LUGO** | **3** | **1** | **2** | **0** | **86** | **183** |
| BBCA PONZOS | 2 | 1 | 1 | 0 | 114 | 113 |
| **MGR CB SARRIA** | **3** | **0** | **3** | **0** | **158** | **244** |
| **RIA DE RIBADEO** | **2** | **0** | **2** | **0** | **88** | **119** |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - Narón; BBCA - Maristas Lugo; R. Ribadeo - MGR Sarria

## JÚNIOR 1ª DIV. FEMININA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| C. María – Durán Ensino | 56-53 |
| RC Celta – Peleteiro | 66-44 |
| Arxil A – Estudiantes | 24-68 |
| Cortegada – Rosalía | 65-63 |
| PBB A – E. Pontevedra | 65-59 |
| Maristas – Bosco | 52-74 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BOSCO | 3 | 3 | 0 | 0 | 169 | 137 |
| **ESTUDIANTES** | **2** | **2** | **0** | **0** | **132** | **85** |
| PBB A | 3 | 1 | 2 | 0 | 159 | 168 |
| **DURAN ENSINO** | **3** | **1** | **2** | **0** | **170** | **156** |
| PELETEIRO | 3 | 1 | 2 | 0 | 138 | 158 |
| ARXIL A | 3 | 1 | 2 | 0 | 80 | 160 |
| CORTEGADA | 2 | 1 | 1 | 0 | 108 | 112 |
| ROSALIA PIO XII | 2 | 1 | 1 | 0 | 155 | 119 |
| MARISTAS | 2 | 1 | 1 | 0 | 115 | 126 |
| COMPAÑIA MARIA | 2 | 1 | 1 | 0 | 92 | 111 |
| R.C. CELTA ZORKA | 1 | 1 | 0 | 0 | 66 | 44 |
| EST. PONTEVEDRA | 2 | 0 | 2 | 0 | 59 | 67 |

### PRÓXIMA XORNADA

Bosco - C. María; Estudiantes - Cortegada; E. Pontevedra - Maristas; Peleteiro - Arxil A; Rosalía - PBB A; Durán Ensino - RC Celta

## INFANTIL 1ª DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Peleteiro | 17-68 |
| Giraldo – BBCA | 85-44 |
| Maristas – Cortegada | Xoves |
| Estudiantes – Rosalía | 61-35 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 2 | 2 | 0 | 0 | 144 | 61 |
| **ESTUDIANTES** | **2** | **1** | **1** | **0** | **105** | **111** |
| KFC CULLE | 2 | 1 | 1 | 0 | 72 | 119 |
| ROSALIA PIO XII | 2 | 1 | 1 | 0 | 105 | 114 |
| GIRALDO CBV | 1 | 1 | 0 | 0 | 85 | 44 |
| BBCA PORTO | 2 | 0 | 2 | 0 | 95 | 140 |
| MARISTAS CORUÑA | 1 | 0 | 1 | 0 | 53 | 70 |
| CORTEGADA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

### PRÓXIMA XORNADA

Peleteiro - Rosalía; BBCA - Maristas; Cortegada - Estudiantes; Culleredo - Giraldo

## JUNIOR 2ª DIV. FEMENINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| BBCA – Ria Ribadeo | 49-53 |
| CB Terra Chá – San Ciprián | 32-33 |
| Ensino Lugo – Culleredo | 41-84 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| KFC CULLE | 2 | 2 | 0 | 0 | 157 | 52 |
| **RIA DE RIBADEO** | **2** | **2** | **0** | **0** | **108** | **87** |
| **SAN CIPRIÁN** | **1** | **1** | **0** | **0** | **33** | **32** |
| **ENSINO LUGO** | **2** | **0** | **2** | **0** | **79** | **139** |
| **CB TERRA CHA** | **2** | **0** | **2** | **0** | **43** | **106** |
| BBCA FRAGATA | 1 | 0 | 1 | 0 | 49 | 53 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ria Ribadeo - Culleredo; BBCA - CB Terra Chá; San Ciprián - Ensino Lugo

## INFANTIL 2º DIV. MASC.

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Viveiro – R. Ribadeo | 32-70 |
| Cidade Lugo – Burela 06 | 66-47 |
| MGR Sarria – Est. 06 | 72-38 |
| Elev. Sarria – Sagrado | 31-82 |
| Franciscanos – Est. 05 | 48-61 |
| Candelas Ensino – Celtas | 60-49 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 2 | 2 | 0 | 0 | 133 | 77 |
| ESTUDIANTES 05 | 2 | 2 | 0 | 0 | 123 | 97 |
| C. ENSINO | 2 | 2 | 0 | 0 | 116 | 91 |
| CELTAS | 2 | 1 | 1 | 0 | 140 | 108 |
| RIA DE RIBADEO | 2 | 1 | 1 | 0 | 112 | 88 |
| ACAD. BURELA 06 | 2 | 1 | 1 | 0 | 110 | 128 |
| SAGRADO | 1 | 1 | 0 | 0 | 82 | 31 |
| MGR C. B. SARRIA | 1 | 1 | 0 | 0 | 72 | 38 |
| CB VIVEIRO | 2 | 0 | 2 | 0 | 94 | 133 |
| FRANCISCANOS | 2 | 0 | 2 | 0 | 96 | 152 |
| AG ELEV. SARRIA | 2 | 0 | 2 | 0 | 80 | 144 |
| ESTUDIANTES 06 | 2 | 0 | 2 | 0 | 68 | 139 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ria Ribadeo - Celtas; Est. 06 - Elev. Sarria; Est. 05 - Candelas Ensino; Burela 06 - MGR Sarria; Sagrado - Franciscanos; CB Viveiro - Cidade Lugo

## CADETE 1º DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – B. Ferrol | 58-40 |
| Obradoiro – Artai | 93-28 |
| Estudiantes – Narón | 104-39 |
| Rosalía – Culleredo | 81-54 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 3 | 3 | 0 | 0 | 245 | 121 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **3** | **0** | **0** | **279** | **177** |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 2 | 1 | 0 | 201 | 184 |
| ROSALIA DE CASTRO | 3 | 2 | 1 | 0 | 278 | 200 |
| BASKET FERROL | 3 | 2 | 1 | 0 | 181 | 114 |
| KFC CULLE | 3 | 0 | 3 | 0 | 168 | 233 |
| BALONCESTO NARÓN | 3 | 0 | 3 | 0 | 104 | 239 |
| CARBALLO A UN PASO ARTAI | 3 | 0 | 3 | 0 | 83 | 271 |

### PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - B. Coruña; Artai - Estudiantes; Narón - Rosalía; B. Ferrol - Obradoiro

## PREINFANTIL MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Narón | 53-47 |
| Montrove – Maristas Lugo | 81-56 |
| BBCA – B. Ferrol | --- |
| Estudiantes – B. Coruña | 86-43 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MONTROVE | 2 | 2 | 0 | 0 | 157 | 122 |
| BALONCESTO NARON | 2 | 1 | 1 | 0 | 97 | 84 |
| KFC CULLE | 2 | 1 | 1 | 0 | 113 | 109 |
| **ESTUDIANTES** | **2** | **1** | **1** | **0** | **117** | **93** |
| **MARISTAS LUGO** | **2** | **1** | **1** | **0** | **118** | **141** |
| BASQUET CORUÑA | 2 | 1 | 1 | 0 | 117 | 130 |
| BASKET FERROL | 1 | 0 | 1 | 0 | 66 | 76 |
| BBCA SARTAÑA | 1 | 0 | 1 | 0 | 44 | 74 |

### PRÓXIMA XORNADA

Narón - B. Coruña; Culleredo - Montrove; B. Ferrol - Estudiantes; BBCA - Maristas Lugo

## CADETE 1º DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – Candelas Ensino | 54-71 |
| Cortegada – Rosalía | 57-57 |
| Estudiantes – BBCA | 69-70 |
| B. Coruña – Peleteiro | 48-52 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ROSALIA PIO XII | 3 | 3 | 0 | 0 | 210 | 151 |
| **CANDELAS ENSINO** | **3** | **2** | **1** | **0** | **175** | **153** |
| CORTEGADA | 3 | 2 | 1 | 0 | 172 | 173 |
| PELETEIRO | 3 | 2 | 1 | 0 | 179 | 175 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **1** | **2** | **0** | **196** | **197** |
| BBCA VILAR | 3 | 1 | 2 | 0 | 153 | 178 |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 1 | 2 | 0 | 156 | 162 |
| MARISTAS CORUÑA | 3 | 0 | 3 | 0 | 148 | 200 |

### PRÓXIMA XORNADA

Peleteiro - Maristas; Rosalía - Estudiantes; BBCA - B. Coruña; C. Ensino - Cortegada

## PREINFANTIL FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cortegada – Porto do Son | 69-43 |
| BBCA – Cambados | 73-23 |
| Estudiantes – B. Coruña | 73-22 |
| Culleredo – Maristas | 40-47 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA CHAMORRO | 2 | 2 | 0 | 0 | 145 | 44 |
| CORTEGADA | 2 | 2 | 0 | 0 | 145 | 69 |
| PORTO DO SON | 2 | 1 | 1 | 0 | 109 | 85 |
| **ESTUDIANTES** | **1** | **1** | **0** | **0** | **73** | **22** |
| MARISTAS | 1 | 1 | 0 | 0 | 47 | 40 |
| XUVEN CAMBADOS | 2 | 0 | 2 | 0 | 49 | 149 |
| KFC CULLE | 2 | 0 | 2 | 0 | 56 | 113 |
| BASQUET CORUÑA | 2 | 0 | 2 | 0 | 43 | 145 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cambados - Estudiantes; Culleredo - Cortegada; Porto do Son - BBCA; Maristas - B. Coruña

## MINI 1º DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Montrove – BBCA | Apr. |
| Baxi Ferrol – Pontumio | Xoves |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| xx | 2 | 1 | 1 | 0 | 157 | 109 |
| BAXI FERROL | 1 | 1 | 0 | 0 | 69 | 18 |
| **ESTUDIANTES** | **1** | **1** | **0** | **0** | **67** | **65** |
| PONTUMIO | 1 | 0 | 1 | 0 | 42 | 92 |
| MONTROVE | 1 | 0 | 1 | 0 | 18 | 69 |

### PRÓXIMA XORNADA

Montrove - Pontumio; Estudiantes - Baxi Ferrol

## CADETE 2º DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Viveiro – Ria Ribadeo | 21-82 |
| Terra Chá – CB Celtas | 60-20 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B. RIA DE RIBADEO | 2 | 2 | 0 | 0 | 155 | 49 |
| CB TERRA CHA | 1 | 1 | 0 | 0 | 60 | 20 |
| C. B. CELTAS | 1 | 0 | 1 | 0 | 20 | 60 |
| TERRAS DA MARIÑA | 1 | 0 | 1 | 0 | 28 | 73 |
| C. B. VIVEIRO | 1 | 0 | 1 | 0 | 21 | 82 |

### PRÓXIMA XORNADA

CB Celtas - Terras Mariña; CB Viveiro - Terra Chá

## CADETE 2º DIV. FEM. CENTRO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Sarria – Est. Rojo | 41-63 |
| Ensino 03 – Ensino 04 | 80-20 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES ROJO | 1 | 1 | 0 | 0 | 63 | 41 |
| ESTUDIANTES AZUL | 1 | 1 | 0 | 0 | 55 | 50 |
| C. B. SARRIA | 2 | 0 | 2 | 0 | 91 | 118 |
| ENSINO LUGO 03 | 1 | 1 | 0 | 0 | 80 | 20 |
| ENSINO LUGO 04 | 1 | 0 | 1 | 0 | 20 | 80 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Rojo - Ensino 04; Est. Azul - Ensino 03

## JUNIOR 2º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade – Estudiantes | 54-77 |
| CB Viveiro – R. Ribadeo | 48-57 |
| H. Ferreiro – Burela | 67-63 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES | 2 | 2 | 0 | 0 | 149 | 107 |
| C. B. RIA DE RIBADEO | 2 | 2 | 0 | 0 | 127 | 92 |
| C. B. VIVEIRO | 2 | 1 | 1 | 0 | 101 | 107 |
| HIERROS FERREIRO | 2 | 1 | 1 | 0 | 120 | 135 |
| ACADEMIA BURELA | 2 | 0 | 2 | 0 | 113 | 120 |
| CIDADE DE LUGO | 2 | 0 | 2 | 0 | 98 | 147 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Burela; Cidade - CB Viveiro; Ria Ribadeo - H. Ferreiro

## CADETE 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Viveiro – R. Ribadeo | 63-71 |
| Sagrado – San Ciprian | 37-95 |
| MGR Sarria – Est. Rojo | 61-68 |
| Design Sarria – Est. Azul | 20-98 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 2 | 2 | 0 | 0 | 171 | 78 |
| SAN CIPRIAN | 2 | 2 | 0 | 0 | 170 | 88 |
| ESTUDIANTES ROJO | 2 | 2 | 0 | 0 | 125 | 101 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 2 | 2 | 0 | 0 | 126 | 106 |
| MGR C. B. SARRIA | 2 | 0 | 2 | 0 | 119 | 141 |
| C. B. VIVEIRO | 2 | 0 | 2 | 0 | 114 | 146 |
| A.X. SAGRADO | 2 | 0 | 2 | 0 | 77 | 152 |
| ENSINO LUGO | 1 | 0 | 1 | 0 | 43 | 55 |
| DESIGN C. B. SARRIA | 1 | 0 | 1 | 0 | 20 | 98 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Azul - Ensino Lugo; S. Ciprián - MGR Sarria; Est. Rojo - Design Sarria

## INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade – Burela 05 | 5-56 |
| Estudiantes – Franciscanos | 42-48 |
| Ensino Lugo – Galén Ensino | 60-9 |
| T. Mariña – CB Viveiro | 44-43 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BURELA 05 | 1 | 1 | 0 | 0 | 56 | 5 |
| ENSINO LUGO | 1 | 1 | 0 | 0 | 60 | 9 |
| FRANCISCANOS | 1 | 1 | 0 | 0 | 48 | 42 |
| TERRAS DA MARIÑA | 1 | 1 | 0 | 0 | 44 | 43 |
| CB VIVEIRO | 1 | 0 | 1 | 0 | 43 | 44 |
